



Galicia

GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

ISSN 1989-3299

Nº 696 Semana do 19 ao 25 de setembro de 2016



CELÉBRANSE OS CONGRESOS CONSTITUÍNTES DAS UNIÓNS DE PONTEVEDRA-AROUSA-DEZA E DE LUGO-LEMONS-COSTA

Redacción.- O pasado venres a cidade de Pontevedra acolleu a celebración do Congreso constituínte de UGT na unión de Pontevedra-Arousa-Deza do que saíu elixida a nova Comisión executiva que estará ao fronte da estrutura territorial o vindeiro mandato.

Esta Comisión executiva está encabezada polo seu secretario xeral Xosé Ramón Vidal Trillo. Ao fronte de Organización estará Carlos Javier Esperón Fernández; asumirá a Secretaría de Administración María Teresa Filgueira Prol e a de Formación Estrella Fernández Buján. A responsabilidade da Acción sindical será para Óscar Jacobo González González; Encarnación Cochón Modelo asumirá a Secretaría de Atención aos afiliados e Igualdade; e Javier Gayoso Collazo será o secretario de Innovación, Medio Ambiente e Saúde laboral.

Este martes tivo lugar en Lugo o Congreso constituínte de UGT na Unión de Lugo-Lemos-Costa lucense.

Neste caso foi elixido como secretario xeral Ángel Tomén Roca. A Executiva complétase cunha Secretaría de Organización e Administración ao fronte da cal estará Miguel Ángel Otero Soto; Acción sindical e Emprego, José Cabanas Vázquez; Igualdade e Movementsos sociais, Sonia Ferreiro González; Saúde laboral e Medio Ambiente, José Rubinos Domínguez; Política institucional, Josefa Díaz Blanco; e Patricia González Martínez estará ao fronte da Secretaría de Políticas sociais.

Deste xeito, continúaase avanzando, tras a celebración do Congreso de UGT-Galicia, no proceso de racionalización de estruturas para facer un Sindicato máis asentado nos centros de traballo, máis eficiente e fortemente sectorializado.

Lembrar que neste proceso o obxectivo é pasar de seis a tres federacións e de oito a sete unións territoriais.



Congreso en Pontevedra



Congreso Lugo

Ao longo do día de hoxe tamén se celebrará o congreso da Unión de Coruña-Cee.

O TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE EMENDA A REFORMA LABORAL POR DISCRIMINATORIA

Redacción.- A Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TJUE), que equipara as indemnizacións por despedimento entre traballadores fixos e temporais, representa unha emenda á reforma laboral española por discriminatoria, sinalou Mari Carmen Barrera, secretaria de Política Social, Emprego e Seguridade Social de UGT.

Para o Sindicato, a sentenza pon en cuestión tanto as indemnizacións á finalización da relación laboral como a debilidade na causalidade dos despedimentos.

Para a Unión Xeral de Traballadores, con este fallo, os traballadores temporais poderán reclamar unha indemnización de 20 días ao finalizar o seu contrato, e aqueles que estean en

fraude de Lei -ocupando un posto fixo, a pesar de ter un contrato temporal- poderán reclamar ata 33 días por ano traballado.

O Sindicato considera que o Goberno con carácter inmediato debería modificar o Estatuto dos Traballadores para corrixir esta situación. Pero, dada á situación actual, se non o fai, UGT recorrerá aos grupos parlamentarios e ao Parlamento para que se corrixa vía Proposición de Lei.

Mari Carmen Barrera considera que a sentenza do TJUE está a corrixir unha discriminación que afecta as indemnizacións, non está a establecer un contrato único. Neste sentido, destaca que este Tribunal, en sucesivas sentenzas,



está a botar por terra parte da lexislación laboral española en materia de contratación e está a instar a devolver os dereitos que os traballadores perderon coas reformas laborais, tal e como leva demandando o sindicato.

O gabinete xurídico de UGT está a analizar con detalle esta e outras sentenzas do Tribunal de Xustiza Europeo para avaliar as consecuencias que teñen para os traballadores e ver como canalizar as demandas sobre os posibles efectos retroactivos.

O GOBERNO PODE E DEBE REVALORIZAR AS PENSÍONS E OS SALARIOS NO NOSO PAÍS



Redacción.- Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Ignacio Fernández Toxo, enviaron o pasado mércores unha carta dirixida ao presidente do Goberno en funcións, Mariano Rajoy, coas propostas sindicais para un aumento das pensións, do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) e dos salarios dos empregados públicos.

Propostas que reclaman un incremento das pensións tomando como referencia o aumento do IPC para 2017, aumentar os ingresos do sistema e velar polo estrito cumprimento da lexislación do Fondo de Reserva co obxectivo de evitar o seu consumo anticipado e garantir así a estabilidade financeira do sistema.

Para Pepe Álvarez, hai que “acabar coa incerteza neste país en relación á viabilidade do Sistema Público de Pensións. O Goberno non pode utilizar aos pensionistas deste país en beneficio propio. Pode e debe revalorizar as pensións, co obxectivo de dar tranquilidade e acougo a unha parte moi importante da poboación e expectativas de aumento do consumo e crecemento da economía á poboación deste país”.

“O Executivo en funcións debe propiciar o debate sobre as pensións e xerar ingresos no sistema. Algúns deles poden provir das bonificacións á contratación para as empresas, que supuxeron 3.700 millóns de euros e non achegan nada á creación de emprego”.

En relación á función pública, esixiu “que se convoque a Mesa da Función Pública e restablézase a negociación colectiva neste ámbito. Débense aumentar os seus salarios e a taxa de reposición. A

Administración Pública non pode continuar parada, os cidadáns demandan atención, porque a política deste país nos últimos anos minguou a capacidade de actuación deste sector no conxunto da sociedade”.

E respecto ao Salario Mínimo Interprofesional, resulta imprescindible “revalorizalo de maneira importante, a 800 euros durante o 2017 ata chegar aos mil euros ao final da lexislatura (o 60% do salario medio en España), como sinala a Carta Social Europea”.

“Necesitamos unha resposta inmediata por parte do Goberno. Millóns de persoas necesitan certezas. Ademais, os grupos parlamentarios débense poñer de acordo canto antes nas políticas fundamentais para as persoas, co obxectivo de acomodar as necesidades dos cidadáns, non as dos mercados”, sentenciou.

A sentenza do TXUE pon de manifesto que a UE non discrimina aos traballadores

En relación á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (UE) sobre a indemnización dos contratos temporais, o secretario xeral de UGT afirmou que “é positivo que un xuíz do noso país tomase esta iniciativa, que deu lugar a unha sentenza que pon de manifesto que no ordenamento xurídico da UE non se discrimina aos traballadores con distintos contratos. No noso país, con todo, debido ás reformas laborais, a vía que se tomou non é a acorde aos principios da UE”.

Neste sentido, demandou “que non se equiparen as indemnizacións por abaixo, algo que desestabilizaría o noso

marco laboral e sería unha declaración de guerra. E se algúns queren aproveitar esta sentenza para implantar o contrato único como única modalidade de contratación atoparannos tamén de fronte”.

Desde UGT “traballamos para que a Administración Pública restitúa os dereitos dos interinos e para que o resto dos traballadores poidan ver restituídos os seus dereitos con esta sentenza. O Goberno debería aplicar a norma e o Congreso dos Deputados debería modificar a lexislación”.

Se a economía está a crecer, os salarios deben gañar poder adquisitivo

En relación aos salarios para o próximo ano, Pepe Álvarez sinalou que “primeiro queremos facer coas organizacións empresariais unha avaliación do Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) en vigor durante estes últimos anos. Se miramos o último ano, produciuse unha subida salarial nos convenios do 1,09% cando estableceramos o 1,5%, polo que o acordo é manifestamente mellorable”.

Por iso, considerou que “nunha economía en crecemento hai que recuperar o poder adquisitivo dos salarios e que os traballadores poidan ver repercutidos nos seus salarios os beneficios que están a ter as empresas”. Ademais, “na negociación hai que abordar tamén a problemática das empresas multiservizos, que cada vez proliferan máis na nosa economía e rebaixan substancialmente as condicións dos traballadores e as traballadoras do noso país”.

IMOS DAR VOZ AOS MOZOS DE UGT PORQUE SON O ALICERCE FUNDAMENTAL DO SINDICATO

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores celebrou esta semana o I Encontro Confederal de Mocidade despois de culminar a maioría dos procesos de reestruturación que levamos acabo estes últimos meses.

A vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, destacou que este primeiro encontro foi unha toma de contacto fundamental para trasladar que a Comisión Executiva do sindicato considera que os mozos son un alicerce fundamental da organización, o presente do sindicato e por iso hai que escoitar as súas preocupacións, propostas e reivindicacións e darlles voz.



Ao finalizar o encontro, o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, dirixiuse aos mozos para agradecer a súa implicación, o seu traballo diario e a súa actividade sindical nas empresas e deixarlles claro que

dentro do sindicato "a súa opinión é moi importante". "Queremos que o sindicato chegue aos novos pero ademais que os mozos cheguen ao sindicato", sinalou, "e darlles máis visibilidade".

ESPAÑA SÓ RECOLOCOU AO 1,1% DOS REFUXIADOS QUE TIÑA COMPROMETIDOS E A UE O 1,9%

Redacción.- A Reunión de Alto Nivel sobre Refuxiados e Migrantes que celebrou esta semana as Nacións Unidas, e á que asistiu o Rei, debería ser unha oportunidade de alcanzar compromisos nesta materia, pero sobre todo para cumprilos, a nivel internacional pero tamén nacional.

Neste sentido, UGT lembra que o sistema previsto pola Unión Europea recolocar de solicitantes de protección internacional desde Grecia e Italia -en funcionamento desde o mes de maio de 2015-, que implica a repartición noutros estados membros de 160.000 persoas, só deu lugar, segundo o último informe da Comisión Europea do 11 de xullo, á recolocación de 3.056 persoas (o 1'9%).

E, segundo a repartición acordada, España debería acoller a 19.219 persoas chegadas de Italia e Grecia. Con todo, segundo datos do Ministerio do

Interior, ata o 13 de setembro, foron recolocadas en España 221 persoas (o 1'1%) do comprometido.

Para a Unión Xeral de Traballadores, a responsabilidade compartida é esencial para abordar tanto as causas dos movementos migratorios, sexan estes ou non de refuxiados, como para garantir os seus dereitos e protección e o cumprimento das obrigacións internacionais.

E este debería ser o sentido do documento que presentou o secretario xeral de Nacións Unidas, Banki Moon, que propón un "Pacto Mundial sobre responsabilidade compartida respecto dos refuxiados".

O texto do secretario xeral fai fin-



capé na necesidade de facer fronte ás causas profundas dos desprazamentos de refuxiados, respectar os dereitos das persoas, migrantes ou refuxiados e á responsabilidade compartida dos estados membros, entre outros medios, aliviando a presión dos países de primeira admisión e ampliando as canles de entrada noutros estados.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

DEMOSTRADO, A AUSTERIDADE É VELENO PARA O CRECEMENTO

Redacción.- A OCDE recortou as previsións de crecemento económico da zona euro para 2016 e 2017, recoñecendo unha situación de debilidade que, para UGT é o resultado dunha política deliberada, que segue vixente desde o ano 2010: a estratexia de austeridade extrema, dos recortes, do aniquilamento do estado do Benestar e a desvalorización dos salarios. Para o Sindicato, a mellora das previsións que se atribúen a España por algúns organismos para 2016 son consecuencia da relaxación da austeridade derivada da ausencia de Goberno e do impacto de medidas expansivas que acompañan sempre aos períodos electorais. Os datos evidencian que a austeridade é veneno para o crecemento económico e a creación de emprego e fan imprescindible e urxente un cambio na estratexia económica.

As OCDE recortou as previsións de crecemento da zona euro: unha décima menos en 2016 (de 1,6% a 1,5%) e tres décimas menos para 2017 (de 1,7% a 1,4%).

Por encima da valoración técnica de se se creará unha décima arriba ou abaixo, o importante destas previsións son dúas cousas:

1. A economía europea non só non despega, senón que se retarda e segue mostrando grandes dúbidas sobre a evolución da súa actividade e, por tanto, do emprego. E iso é moi grave, porque o emprego -e máis precisamente, reducir o elevado desemprego existente- debe ser a prioridade número un de Europa: hai máis de 22 millóns de desempregados nos países da zona euro; e un de cada catro son españois.

2. A política monetaria segue sendo moi expansiva, e é a que está a favorecer,

cos seus baixos tipos de interese, o crédito e o investimento, e por tanto a que está a favorecer o crecemento da actividade. Pero o seu impacto está xa esgotado. Sen o concurso da política fiscal, é dicir, sen máis gasto público e investimento público, Europa non creará máis. E non se creará máis emprego.

A OCDE di claramente que as economías desenvolvidas, e en particular as europeas, atópanse nunha situación de debilidade, de "trampa do baixo crecemento", porque trimestre a trimestre rexistran crecementsos do PIB decepcionantes, que xeran máis desánimo.

Esta "trampa do crecemento" é en realidade o froito dunha política deliberada, que segue vixente en toda Europa desde 2010, que provocou moito sufrimento a millóns de cidadáns e cidadás e que moitos queren seguir aplicando: a estratexia da austeridade extrema, dos recortes, do aniquilamento do estado de benestar e da desvalorización dos salarios.

Estas políticas teñen que terminar. E así o esiximos as organizacións sindicais.

Non é casualidade que en España algúns organismos estean a mellorar as previsións de crecemento do PIB para este ano 2016, por exemplo FUNCAS (aumentouna nunha décima, do 3% ao 3,1%), por encima da previsión do Goberno (2,9%).

Isto é así en boa parte debido á relación da austeridade que se produciu



nos últimos meses, precisamente pola non existencia de goberno (o que impide adoptar determinadas medidas de recortes, como está a pedir a Comisión) e polo impacto expansivo do (múltiple) período electoral vivido, que sempre implica unha atenuación da política de control do gasto público, ao pospoñer decisións impopulares e acelerar algunhas decisións de investimento con interese electoralista.

O que se pon de manifesto é que a austeridade é veneno para o crecemento económico e, por tanto, para a creación de emprego.

Con todo, as incertezas en Europa e en España e a previsión de novos recortes para 2017 fan que se estean rebaixando as previsións para 2017.

A conclusión debe ser a mesma: é imprescindible cambiar de políticas para crecer máis e reducir máis o desemprego, a nosa esixencia número uno.

Por iso non abonda con que teñamos un goberno, senón que é imprescindible que ese novo goberno aplique unha nova estratexia económica que poña o acento en mellorar a vida das persoas.

Alianza polo Clima pide o inmediato comezo do proceso de ratificación do Acordo de París en España

Redacción.- Tras a adopción o pasado mes de decembro do Acordo de París por parte da comunidade internacional, o Goberno español en funcións non deu ningún paso a diferenza doutros países da nosa contorna como Francia que xa comezaron o proceso de ratificación. Este proceso consiste na incorporación dos obxectivos e principios do Acordo de París dentro da lexislación nacional, de forma que cando os países que ratificaron este acordo representen polo menos o 55% das emisións globais o acordo de París entrará en vigor.

Polo momento, nin a Unión Europea nin o Goberno español levaron a cabo este pro-

ceso, o que nos sitúa por detrás dos 27 países que como EE UU ou China xa depositaron os seus instrumentos de ratificación ante Nacións Unidas. Por iso, os integrantes de Alianza polo Clima[1] queren trasladar ao Congreso dos Deputados as palabras pronunciadas polo presidente da Comisión Europea, Jean-Claude Juncker, a pasada semana: "O Acordo [de París] debe ser ratificado, canto máis esperemos, máis corremos o risco de converternos no hazmerreir de todos e de perder crédito na escena internacional".

Aínda que o Acordo de París sexa insuficiente para frear o cambio climático e im-

pulsar un novo modelo baseado nas enerxías renovables e a xustiza social e ambiental é un sinal dos países sobre o seu compromiso de poñer freo aos combustibles fósiles. Sorprende que, a pesar das declaracións de todos os grupos políticos do arco parlamentario sobre a necesidade de facer fronte ao cambio climático, aínda non se deu ningunha iniciativa neste sentido. Tendo en conta o consenso existente, o feito de ter un Goberno en funcións non debería supoñer ningún impedimento político, práctico ou legal para ratificar o Acordo de París e así situar a España entre os países que máis apoian a súa rápida entrada en vigor.

OS OPERADORES DO 061 DENUNCIAN PRECARIIDADE LABORAL, INCUMPRIMENTO DO CONVENIO COLECTIVO E DAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE LLES DAN A RAZÓN

Redacción.- O Comité de empresa dos operadores do 061 ofreceu este marçes en Santiago unha rolda de prensa para denunciar o reiterado incumprimento por parte da empresa adjudicataria do servizo, GSS, tanto do convenio colectivo vixente como das sentenzas condenatorias xa firmes que así o recoñecen, e ademais insta á Xunta a que asuma xa as súas responsabilidades nunha situación que conduce á precariedade máis absoluta dos traballadores dun servizo público esencial como é a atención inicial de todas as chamadas de emerxencia que se producen en Galicia.

A presidenta do Comité de empresa dos operadores do 061, Araceli Nine (UGT), explicou que as irregularidades no eido laboral son continuas. Resulta inexplicable que parte dos traballadores fagan 1.600 horas anuais e a outros, pola contra, e coas mesmas retribucións se lles esixan 1.764. Hai operadores que cobran os pluses por festivos marcados en convenio, fronte a outros que, aínda facendo tamén estas xornadas, non os perciben. Hai traballadores con xornada parcial que a efectos prácticos fan unha xornada completa, que non é nin cotizada nin remunerada... e un sen fin de incumprimentos da normativa laboral que o Comité leva anos denunciando e aos que a Xustiza vaille dando a razón pero co incumprimento flagrante por parte da empresa GSS das sentenzas que se van facendo firmes.

Nine fixo fincapé en que os operadores desenvolven unha tarefa básica na axuda e emerxencias, son a primeira voz de axuda nas situacións de emerxencia e que nes guían aos recursos ata as nosas casas, e que unha mala xestión deste primeiro paso pode afectar moito ao desenvolvemento final da atención das tarefas de emerxencia. Por iso, habería que esixir que

este servizo se prestase en condicións máis estables que as actuais, marcadas pola precariedade e temporalidade. Ademais, debería ser a Consellería de Sanidade quen asumise o servizo e non o subcontratase como ocorre na actualidade.

Son 3.500 chamadas de media ao día, 500 máis que nos últimos anos pero que son atendidas polo mesmo número de traballadores, o que leva a unha situación de sobrecarga laboral moitas veces insostible que conduce ao estrés e esgotamento dos traballadores e, evidentemente, redonda nunha diminución da calidade do servizo á cidadanía, cos riscos que isto pode implicar cando se trata de atender emerxencias que esixen unha resposta inmediata e ben articulada.

O Comité de empresa denuncia que no 2012 a GSS se lle ocorre que os traballadores que están a tempo parcial fagan dez horas máis ao mes que nin cobran nin cotizan. Por enriba do propio convenio colectivo. Os afectados, despois de intentar abrir un cauce de diálogo para solucionar esta situación, e sen resultado, deciden acudir á Xustiza que resolveu nunha sentenza xa hai un ano que GSS ten que retomar a situación anterior á imposición desta medida e abonar as horas que lles debe aos traballadores. A día de hoxe, en setembro de 2016 a empresa concesionaria GSS non cumpriu esta sentenza e a Xunta, última responsable do servizo, mira cara outro lado. Isto obriga aos afectados a recorrer de novo á Xustiza para pedir que se



execute a sentenza, que xa é firme, de xeito inmediato. De feito, o día 26, o vindeiro luns, o Comité ten unha cita nos xulgados para demandar este tema.

Este conxunto de actuacións xudiciais e demandas levou a GSS a adoptar unha vía reprochable e denunciada, a represalia. Esta consiste no bloqueo de horas aos traballadores que están en xornada parcial, non lles soben as horas e súplense as súas tarefas con traballadores novos, sen experiencia e que están por formar.

O Comité que, como explicou Araceli Nine, só demanda o que lles corresponde por dereito, tamén denunciou os feitos pola vía da Inspección laboral e estase á espera de resolución.

A día de hoxe GSS ten no servizo de operadores do 061 un total de 72 traballadores fixos a xornada completa, 15 fixos a xornada parcial e uns 40 traballadores temporais nunha bolsa. Estes últimos nunha situación de temporalidade e rotación continua, o que dificulta que adquiran a experiencia necesaria para prestar un servizo tan delicado e no que todos os días moitas vidas dependen da súa efectividade.

COVIRÁN, CONDENADA A READMITIR AO DELEGADO DE UGT DESPEDIDO EN SANTIAGO

Redacción.- O xulgado do social número tres de Santiago ven de ditiar unha sentenza na que declara nulo o despedimento dun traballador e delegado de UGT na empresa Covirán, no centro de Santiago, e obriga á súa readmisión.

A orixe do conflito foi nas eleccións sindicais celebradas meses atrás cando se presentaba o afectado baixo as siglas de UGT e inmediatamente a empresa Covirán decidiu o seu despedimento.

Desta forma, UGT poderá contar coa totalidade da representación sindical que tiña conseguido no proceso, tres delegados, e así poder seguir traballando e defendendo os dereitos dos traballadores de Covirán no centro de Santiago.

OS BOS RESULTADOS DO SECTOR TURÍSTICO ESCONDEN CONDICIÓN LABORAIS INDIGNAS

Redacción.- A actividade turística no noso país -que representa un 10,9% do PIB e conta con 78.144 traballadores afiliados á Seguridade Social- revela, desde hai tempo, unha sostida mellora económica que certifica algúns datos:

Incremento do gasto diario por turista (5,5%); mantense o incremento na duración das viaxes turísticas (cun lixeiro descenso do 0,6% respecto de 2015); incrementábase a facturación hostaleira por habitación ocupada nun 4,31%; de xaneiro a xullo o sector turístico español creceu en viaxeiros un 7,85% e un 8,87% en pemoitas (respecto de 2014); o gasto total dos turistas internacionais que visitaron o noso país durante o mes de xullo foi de 10.257 millóns de euros (un 7% máis que o mesmo período do ano anterior).

Pero, tras o brillo das cifras, escóndese unha cara "B" que pon en dúbida a sustentabilidade dun modelo profundamente inxusto:

*O incremento salarial foi, tan só, dun 1% (negociado en convenio), con caídas salariais do ata o -30% (fóra de convenio e a causa, fundamentalmente, da externalización de servizos), o que evidencia un crecemento económico neste sector que non se está repercutindo nos salarios dos seus profesionais. Non hai repartición xusta da riqueza colectivamente producida.

*Precarización das condicións de traballo dos profesionais do sector por efecto da Reforma Laboral.

*O bloqueo na negociación colectiva sectorial deixou a un total de 431.532 traba-

lladores nun limbo laboral e con perda de poder adquisitivo.

*Indecentes niveis de temporalidade e baixa calidade na contratación.

*Rebaixa nas condicións sociais pola vía da externalización de actividades.

*Contratos parciais de curta duración e temporalidade co acortamento das aperturas de hoteis de tempada.

Está a consolidarse un modelo de sector fráxil, de gran volatilidade e con visión cortoplacista. Estamos a recibir un "turismo prestado", non só polos conflitos na ribeira do Mediterráneo e Oriente Próximo, senón tamén pola perda doutros destinos europeos como consecuencia da ameaza terrorista. Sen esquecer a denominada economía non regrada (alugueros turísticos non regulados) que rebaixa as condicións dos traballadores.

Está a venderse a idea de que o sector turístico español está a reconverterse cara a un modelo baseado no talento, a innovación, a calidade e a cualificación. Non é certo:

*Non se prima o talento, tan só as xornadas maratonianas de traballo e a aceptación de condicións moi precarias no desenvolvemento do mesmo.

*Non hai innovación: séguese potenciando un modelo caduco, pouco sustentable (económica e medioambientalmente) e baseado no low cost.

*Calidade? Nunca haberá calidade no servizo se non hai calidade no traballo e no recoñecemento dunhas condicións laborais

dignas.

*A cualificación require formación e xeración de confianza na proxección profesional dos traballadores. Se non se inviste en formación nin se prima a profesionalidade con salarios dignos, non haberá cualificación. Estamos ante un sector de paso para unha parte dos seus profesionais.

Propostas dos sindicatos para un cambio de modelo

*Repercutir beneficios empresariais en incrementos salariais dos traballadores e traballadoras do sector. Un traballador motivado é un traballador xustamente remunerado.

*Investimento real en formación de traballadores que achegue calidade e cualificación ao propio sector. Potenciar, entre outras, a figura do traballador fixo discontinuo, que combina a temporalidade do sector coas garantías xurídicas de continuidade no emprego.

*Desterrar a cultura da externalización de servizos como vía para a precarización das condicións laborais.

*Sen renunciar ao turismo de sol e praia, pois temos gran experiencia e percorrido neste segmento, o sector debe diversificarse con propostas de calidade que ofrezan outras alternativas: culturais, gastronómicas, rurais, organización eventos... É dicir, captación de novos nichos de mercado que xeren unha maior afluencia de turistas (e con outros perfís) e un incremento nos ingresos.

OS TRABALLADORES DA SANIDADE PRIVADA MOBILÍZANSE POLO BLOQUEO DO CONVENIO

Redacción.- Os traballadores da sanidade privada da provincia de A Coruña veñen de iniciar un calendario de mobilizacións para denunciar o bloqueo do convenio colectivo propiciado por unha patronal que dende xaneiro mantén a mesma posición de ofertar un incremento salarial do 0,625 por cento para o 2016, para o 2017 e 2018.

Un incremento que, á vista dos baixos salarios que se pagan neste sector, é claramente insuficiente.

Este convenio afecta na provincia de A Coruña a uns 1.400 traballadores de hos-

pitais privados.

Por todo isto, FeSP, xunto cos outros sindicatos do sector, decidiron iniciar un calendario de mobilizacións que se abriu cunha concentración fronte ao Hospital La Rosaleda en Santiago este mércores e seguirá coas mobilizacións convocadas para o día 3 de outubro no Hospital Modelo en A Coruña e o día 17 fronte ao Hospital Juan Cardona en Ferrol.



SINDICATOS DE XUSTIZA ADVIRTEN DA FALTA DE ÓRGANOS NA COMUNIDADE E CENSURAN A "AMORTIZACIÓN" DE 106 PRAZAS

Redacción. FeSP-UGT-Xustiza, xunto co resto dos sindicatos con representación no eido da xustiza en Galicia, denunciaron "desinterese" da Xunta nos xulgados de violencia de xénero, carencia de órganos xudiciais e "discriminación" aos funcionarios transferidos á comunidade autónoma.

"Hai que resolver as carencias destes órganos --os destinados a xestionar asuntos relativos á violencia machista--, nos que hai unha alarmante falta de medios materiais e humanos", advertiron nunha rolda de prensa.

Respecto diso, criticaron que se requiren espazos nos que separar a vítimas e testemuñas do presunto agresor, destacou que é "necesaria máis formación" dos funcionarios destinados nestes xulgados, e avisou de que a situación é "especialmente grave" nos mixtos, de localidades pequenas.

Rexeitaron tamén as "condicións" en que traballa o persoal, con "oficinas alugadas" como a de Corcubión (A Coruña), espazos "deprimentes e indecentes" e sen ferramentas "que funcionen".

Neste sentido, apelaron á Xunta para que retome o acordo "ambicioso" alcanzado en decembro pasado coa Dirección Xeral de Xustiza, que "quedou pendente" e que supoñía a posta en marcha de sete puntos.

Os aspectos consensuados naquel momento consistían, inicio de negociacións, formación específica, novas ferramentas informáticas, mellora do sistema



de información e atención, aumento dos medios materiais e humanos, mellora das infraestruturas en edificios xudiciais, un programa piloto para coordinar o servizo de atención e adecuación salarial para persoal que fai habitualmente horarios máis prolongados.

O segundo apartado contra o que se pronunciaron os sindicatos foi o relativo á amortización do persoal e á planta xudicial, que en Galicia require "seis novos xulgados" como indicaba recentemente o Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) e "algún máis".

En canto ao persoal, reprobaron a "brutal redución de prazas", coa previsión de amortizar, segundo os seus números, 106 desde hai dous anos en diante, e das que estiman que xa se materializou ao redor dun 40%. O colectivo, en total, está formado por unhas 2.500 persoas, aproximadamente.

Por último, en terceiro lugar, as organizacións sindicais recriminaron que se dea unha "discriminación" a este grupo de funcionarios con respecto aos fiscais,

xuíces, funcionarios adscritos ao Ministerio de Xustiza e letrados --antigos secretarios xudiciais--.

Segundo aseguran, para todos estes profesionais, unha incapacidade temporal ou unha baixa médica por enfermidades como unha gripe ou unha varicela non supoñen desconto, pero si para os funcionarios transferidos á comunidade galega, cando, segundo reivindicán, eles tamén son un "corpo nacional".

Por iso, solicitan a "equiparación", ao entender a situación "totalmente inadmisíbel". "Están a xogar coa nosa saúde", engadiu o sindicalista, en referencia a que "o que se aforra" a administración "compútao como ingreso".

Neste panorama, as centrais esixen medidas e advirten de que "ou o goberno actual ou o que veña" despois do 25 de setembro terá que ofrecer unha resposta. Os representantes dos traballadores, mentres, seguirán concentrándose e realizando protestas para lograr que haxa unha xustiza máis "áxil, moderna e eficaz".

PAROS DE DÚAS HORAS NO SECTOR DO CONTACT CENTER

Redacción.- Os traballadores do sector do contact center protagonizaron este xoves unha xornada de paros de dúas horas por quenda como cita previa á folga de 24 horas convocada para o día 6 de outubro en todo o Estado.

Estes paros e a xornada de folga forman parte dun calendario de mobilizacións máis amplo, que xa se iniciou con numerosas concentracións, para demandar que se desconxele o salario, sen subas dende o ano 2014, e conseguir aumentar así o poder adquisitivo dos traballadores do contact center.

Tamén se intenta evitar a perda dos

dereitos conseguidos convenio a convenio; demánda-se a mellora da conciliación laboral e persoal, o que obrigaría a menos cambios nas quendas e, sobre todo, coñecer estes con maior antelación.

Tamén piden aumentar o número de indefinidos obrigatorios e o número de xornadas completas porque neste sector abundan moito as xornadas parciais non desexadas.

